

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de xullo de 2020, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE ESTATUTOS E BASES DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO PB3-02 “CAMIÑO DO RUEIRO II” DO PXOM DE AMES.**

**Expediente 307/2020 (GestDoc) (2020/213/000004TEDeC)**

### Antecedentes.

Con data 28.06.2012 o Pleno do Concello de Ames aprobou definitivamente o Plan especial de reforma interior, PERI, do APR PB3-02 “Camiño do Rueiro II” do PXOM (BOP N° 148 e DOG N° 149 do 6/08/2012) que fixa coma sistema de actuación o de compensación.

Con data 27.12.2019 **José Miguel Laveaga Fernández** na representación de **Harri Hegoalde 2, S.A., A-86005626** presenta proxecto de estatutos e bases de actuación do APR B3-02 e documentación complementaria, para o inicio da execución polo sistema de compensación do devandito Plan especial de reforma interior.

Figura no expediente requirimento de emenda aos efectos de completar a solicitude, achegando o interesado, con data 04.05.2020 (R.E. N° 202099900001185), entre outros, un novo proxecto de Estatutos e Bases de actuación, certificación emitida por María Ruiz San Vicente (coma representante de “HARRI HEGOALDE 2 S.A.) acreditativo da propiedade e da superficie das parcelas da entidade promotora, con notas simples do Rexistro da Propiedade relativas á devandita titularidade e superficie.

Cómpre apuntar que, entre os titulares de dereitos patrimoniais no polígono, segundo información catastral, atópase inmovible en investigación, polo que a continuación referirase.

Figuran diferentes achegas posteriores de documentación por parte da entidade promotora aos efectos de subsanación, de datas 08.06.2020 (R.E. TEdC N° 202099900001185), 25.06.2020 (R.E. TEdC N° 202099900002307) e 07.07.2020 (R.E. GestDoc N° 10010 ).

O proxecto de Bases e Estatutos que se somete a aprobación inicial é o documento presentado con data 25.06.2020.

Figura no expediente informe conxunto favorable, suscrito pola arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo, do seguinte teor literal:

### “INFORME ASESORÍA XURÍDICA E TÉCNICA DE URBANISMO

ASUNTO: Proxecto de Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación

ÁMBITO: Área de Planeamento Remitido APR PB3-02 “Camiño do Rueiro II” do PXOM

TRÁMITE: Aprobación inicial

SOLICITANTE: Harri Hegoalde 2, S.A., A-86005626

EXPEDIENTE: 2020/213/000004 (TEDeC) e 307/2020 (GestDoc)

### I. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, LSG.
- Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, RLSG.
- Plan especial de reforma interior PB3-02 “Camiño do Rueiro II”, PERI.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal, PXOM.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, LPAP.
- Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, del Patrimonio de las Administraciones Públicas. RLPAP.

## II. ANTECEDENTES

1. O 28 de xuño do 2012 o Pleno do Concello adoptou acordo de aprobación definitiva do Plan especial de reforma interior, PERI, do APR PB3-02 "Camiño do Rueiro II" do PXOM (BOP N° 148 e DOGA N° 149 do 6/08/2012) que fixa coma sistema de actuación o de compensación.

2. Con data 27 de decembro do 2019 José Miguel Laveaga Fernández na representación de HARRI HEGOALDE 2 S.A., presenta proxecto de estatutos e bases de actuación do APR B3-02 e documentación complementaria, para o inicio da execución polo sistema de compensación do devandito Plan Especial de Reforma Interior.

3. Pola asesoría xurídica de urbanismo requírese a emenda e achega de documentación para completar a solicitude, en resposta ao cal o 4 de maio do 2020 (R.E. N° 202099900001185) Jose Miguel Laveaga Fernández presenta de novo proxecto de estatutos e bases de actuación, e documentación complementaria, entre outra, certificación emitida por María Ruiz San Vicente (coma representante de "HARRI HEGOALDE 2 S.A.") acreditativo da propiedade e da superficie de las parcelas da entidade promotora, con notas simples do Rexistro da Propiedade relativos á devandita titularidade e superficie.

Cómpre apuntar que, entre os titulares de dereitos patrimoniais no polígono, segundo información catastral, atópase inmovible en investigación, polo que a continuación referirase.

4. O 8, 25 de xuño e 7 de xullo (R.E. TEdEC N° 202099900001185 e 202099900002307 os dous primeiros, e R.E. GestDoc N° 10010 o último) preséntase pola entidade promotora documentación a fin de subsanar o requirido. Cómpre apuntar que o proxecto de bases e estatutos que sométese a aprobación inicial é o documento presentado o 25 de xuño do 2020.

## III. CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I.- A aplicación do sistema de compensación requirirá que os propietarios presenten o proxecto de estatutos e de bases de actuación e que no momento da súa aprobación definitiva superen o 50% da superficie do polígono. Neste senso, consta acreditado que a sociedade solicitante é propietaria de máis do 80% da superficie total do ámbito.

Achégase a tal efecto certificación subscrita por representante da devandita sociedade que, xunto coa documentación que acompaña, acredita a titularidade e a superficie das parcelas da súa propiedade coma entidade promotora do proxecto (art. 299.2 do Regulamento da Lei do solo). Tense comprobado ademais que as devanditas parcelas son as incluídas na delimitación do ámbito do PERI obxecto de execución.

II.- Entre os titulares de dereitos patrimoniais no polígono, segundo información catastral, atópase inmovible en investigación, procedemento do art. 47 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, polo que procede ter coma interesada no procedemento á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, a través da Delegación de Economía y Hacienda, segundo así despréndese do artigo 119 do Regulamento da devandita Lei:

Artículo 119. Participación en actuacións de transformación urbanística.

1. De conformidade con el artículo 139 de la Ley, los departamentos u organismos que tuvieran afectados o adscritos, o que gestionen bienes o derechos incluidos en el ámbito de una actuación de transformación o que resulten adscritos a ella, participarán en la ejecución de la actuación y, en su caso, formularán las alegaciones correspondientes en los procedimientos de elaboración y aprobación de los instrumentos de ordenación territorial y urbanística que afecten a los citados bienes, para la correcta defensa de los intereses públicos.

2. Sin perjuicio de los regímenes especiales de gestión de bienes y derechos de la Administración General del Estado y de sus organismos públicos, cuando los bienes o derechos incluidos en un ámbito de actuación no fueran imprescindibles para el cumplimiento de fines públicos, se procederá a su desafectación o desadscripción. En el supuesto de que tales bienes o derechos continúen destinados a un fin o servicio público, se procederá a la desafectación o desadscripción de los aprovechamientos urbanísticos que de ellos se deriven.

En estos supuestos, así como en actuaciones que afecten a bienes de carácter patrimonial de la Administración General del Estado, corresponderá a la Dirección General del Patrimonio del Estado representar los intereses públicos y en su caso, participar en la ejecución de la urbanización a través de la Delegación de Economía y Hacienda de la provincia, que ejercerá dicha representación y defensa ante la administración competente o ente de naturaleza urbanística, y otorgará los documentos que para ello sea preciso.

III.- O contido mínimo dos estatutos e das bases de actuación das xuntas de compensación establécese, respectivamente, nos artigo 300 e 301 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro. O proxecto de estatutos e bases de actuación presentado recolle o contido mínimo establecido na citada norma.

IV.- Segundo o art. 302 do Regulamento da Lei do solo, presentado o proxecto de estatutos e bases de actuación da xunta de compensación "o órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial, publicará o acordo de aprobación no Boletín Oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión e someterao a información pública polo

prazo dun mes. Asemade, notificarállelo de forma individual aos propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais no polígono (incluída a Dirección Xeral do Estado, a través da Delegación de Economía y Hacienda da provincia) a fin de que, por idéntico termo, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto das bases de actuación e dos estatutos e soliciten a súa incorporación.

Á fin da incorporación, tanto o anuncio coma a notificación informarán do dereito dos propietarios non promotores do proxecto de adherirse e incorporarse a el e, con iso, á futura xunta de compensación, debendo formularse a incorporación mediante escrito dirixido ao concello dentro do prazo que dure a información pública. Xuntarase ao citado escrito a documentación acreditativa da titularidade da/s parcela/s do propietario”

V.- Vista a documentación aportada e a normativa de aplicación, infórmase favorablemente o proxecto de estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación do Plan especial de reforma interior do PB3-02 “Camiño do Rueiro II” do PXOM de Ames.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ROF, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións da Alcaldía delegadas mediante Decreto N° 1776/2019 do 21 de xuño do 2019, a adopción da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o proxecto de estatutos e bases da Xunta de Compensación do Plan Especial de Reforma Interior do PB3-02 “Camiño do Rueiro II” do PXOM de Ames, o derradeiro documento presentado logo de subsanacións o 25 de xuño do 2020.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión e someterao a información pública polo prazo dun mes. Publicarase así mesmo no portal de transparencia ou páxina web do Concello.

Asemade, notificarállelo de forma individual aos propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais no polígono (incluída a Dirección Xeral do Estado, a través da Delegación de Economía y Hacienda da provincia) a fin de que, por idéntico termo, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto das bases de actuación e dos estatutos e soliciten a súa incorporación.

Á fin da incorporación, tanto o anuncio coma a notificación informarán do dereito dos propietarios non promotores do proxecto de adherirse e incorporarse a el e, con iso, á futura xunta de compensación, debendo formularse a incorporación mediante escrito dirixido ao concello dentro do prazo que dure a información pública. Xuntarase ao citado escrito a documentación acreditativa da titularidade da/s parcela/s do propietario.”

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membro presentes, previa delegación da Alcaldía, decreto 1776/2019, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar inicialmente o proxecto de Estatutos e Bases da Xunta de Compensación do Plan especial de reforma interior do PB3-02 “Camiño do Rueiro II” do PXOM de Ames, recollido documento presentado o 25 de xuño do 2020.

**Segundo.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión e someterao a información pública polo prazo dun mes. Publicarase así mesmo no portal de transparencia ou páxina web do Concello.

**Terceiro.** Notificar de xeito individual aos propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais no polígono (incluída a Dirección Xeral do Estado, a través da Delegación de Economía y Hacienda da provincia) a fin de que, por idéntico termo, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto das bases de actuación e dos estatutos e soliciten a súa incorporación.

**Cuarto.** Á fin da incorporación, tanto o anuncio coma a notificación informarán do dereito dos propietarios non promotores do proxecto de adherirse e incorporarse a el e, con iso, á futura xunta de compensación, debendo formularse a incorporación mediante escrito dirixido ao concello dentro do prazo que dure a información pública. Xuntarase ao citado escrito a documentación acreditativa da titularidade da/s parcela/s do propietario.

**Quinto.** Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Sexto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado. ”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 16 de xullo de 2020, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde  
José M. Miñones Conde

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo

HASH DEL CERTIFICADO:  
DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9  
EEEEBD3F6990B036D79D504EA7E4E7C71EE2A8C13

FECHA DE FIRMA:  
16/07/2020  
16/07/2020

PUESTO DE TRABAJO:  
Secretaría  
Alcalde

NOMBRE:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
MIÑONES CONDE, JOSE MANUEL